

# Secesionismo en Transnistria

*Alexis B. Romanov*

## Introdución

---

A disgregación da Unión Soviética realizouse formalmente por acordo de varios dirixentes das repúblicas da Unión, que recuperaron a plenitude da soberanía que a Constitución soviética lles recoñecía, incluído o dereito a saír da propia Unión. Lamentablemente, a estrutura piramidal da federación soviética (república nacional - república autónoma - rexión autónoma - distrito autónomo), que pretendía garantir o desenvolvemento de todo tipo de comunidades nacionais e étnicas, non soamente deu unha solución á cuestión nacional nese estado multiétnico, senón que creou novos problemas de difícil solución. A liberalización producida durante a *perestroika* de Gorbachov derivou, entre outras cousas, nun estoupido de conflitos étnicos que moi pronto desembocaron en guerras civís. Este foi o caso do Alto Karabaj, Abxasia e outras autonomías soviéticas. En 1990, xurdiu un conflito na parte da República de Moldova<sup>(1)</sup> que está situada na beira oriental do río Dniéster (Nistru en romanés) que deu orixe a unha república que non foi recoñecida pero que, con todo, segue existindo despois de 16 anos. Sendo, ao igual que outros conflitos, resultado da desacertada política nacional do Partido Comunista da Unión Soviética (PCUS), representa, non obstante, un caso especial.

## As orixes do conflito

---

No decurso da *perestroika*, en 1989, na República Socialista Soviética de Moldova, a lingua moldava foi recoñecida como oficial<sup>(2)</sup>. Tamén se considerou a posibilidade de reunificación con Romanía xa que os romaneses e moldavos, historicamente, eran un só pobo e falaban a mesma lingua<sup>(3)</sup>. Tal orientación dos acontecementos causou preocupación entre a poboación non moldava, concentrada maior-

---

(1) Optamos polo nome orixinal do país, que agora tamén se usa en español, en vez da antiga denominación *Moldavia*, transcrita do ruso.

(2) Segundo o concepto de Lenin, o estado dos obreiros e campesiños non necesitaba da oficialidade de ningunha lingua, bastaba con recoñecer a igualdade de todas elas. Mentres que inicialmente esta formulación se interpretaba no sentido de promover as linguas de todas as etnias dentro das súas formacións de carácter estatal ou dentro de comunidades máis ou menos compactas das respectivas etnias, a partir da segunda metade dos anos 1930, cada vez máis se traducía na imposición da lingua rusa “como vehículo de comunicación interétnica” en todas as esferas e en todos os territorios, impondo a redución do uso das linguas doutras etnias fundamentalmente á esfera cultural.

(3) Basicamente, a diferenza consistía no uso da letra latina polos romaneses e da cirílica polos moldavos e a presenza de moito léxico eslavo prestado no moldavo. Por certo, o centro histórico de Moldova atópase no territorio de Romanía e moitos lingüistas consideran o dialecto de Moldova como a variante máis auténtica do romanés.

mente en centros urbanos e industrializados, e fíxose especialmente patente na beira esquerda do río Nistru, onde, en datos de 1990, se producía o 40% do PIB e o 90% da enerxía eléctrica da República de Moldova, tendo só un 17% da súa poboación. En agosto de 1989, formouse un consello unificado de colectividadeas laborais<sup>(4)</sup> que coordinou a realización dunha folga política en que, o 21 de agosto, participaron traballadores de moitas cidades, incluída a capital moldava, Chisinou; esixíase a cooficialidade do moldavo e o ruso. A convocatoria foi interrompida tras a intervención das autoridades centrais de Moscova e dunha solicitude persoal de Gorbachov para pór fin á folga coa promesa de atopar unha solución ao conflito.

Despois da suspensión da folga, na rexión foise consolidando a idea de crear unha autonomía para asegurar os dereitos da poboación non moldava fronte ao rumbo de “nacionalismo desenfreado de Chisinou” (segundo o derradeiro censo soviético de 1989, de medio millón de habitantes, os moldavos eran menos dun 41%). En decembro, a idea da autonomía foi apoiada por máis do 90% de electores nas cidades de Tiraspol e Râbnica. En xuño de 1990, celebrouse un congreso de deputados de todos os niveis da rexión (637 persoas) que adoptou unha declaración sobre o desenvolvemento socioeconómico da rexión e elixiu un consello de coordinación, encabezado por Igor Smirnov<sup>(5)</sup>, o actual presidente da República de Transnistria<sup>(6)</sup>. A continuación, celebráronse referendos sobre a autonomía en varios distritos da rexión (nalgúns lugares organizáronse asembleas de cidadáns). O 2 de setembro de 1990, o II Congreso Extraordinario de Deputados de Todos os Niveis proclamou a República Moldava Socialista Soviética de Transnistria.

A reacción a este feito foi negativa non só en Moldova. A pequena república no foi recoñecida por ninguén. O presidente soviético, M. Gorbachov, no seu decreto do 22 de decembro sobre as medidas para normalizar a situación na República Soviética Socialista (RSS) de Moldova declarou nula e ilexítima a proclamación da República de Transnistria. Hai que dicir que tal evolución a nivel rexional víase con clara inimidade desde Chisinou. En novembro de 1990, forzas de policía moldava trataron de pór orde, pola forza, en Dubsari. A confrontación aberta comezou despois da proclamación de independencia de Moldova da URSS, o 27 de agosto de 1991<sup>(7)</sup>. Os deputados de Transnistria foron postos fóra da lei. En decembro produciuse o primeiro choque armado entre Moldova e Transnistria.

---

(4) Os consellos de colectividadeas laborais foron organizados no curso da *perestroika* para promover a participación dos traballadores na xestión das empresas.

(5) Naceu en 1941 en Rusia. En 1959 comezou a traballar como operario na Empresa de Maquinaria Eléctrica en Nova Kajovka (Ucraina) e chegou a ser vice director dela. En 1987 trasladouse a Tiraspol para ser director da Empresa de Maquinaria Eléctrica desta cidade.

(6) Transnistria é o nome romanés (e adoptado polos organismos internacionais) da rexión, xa que se atopa ao outro lado de Nistru. En ruso e ucraíno, as dúas outras linguas oficiais da república autoproclamada, chámanse Pridnestrovye e Prydnistrovya, respectivamente, que significa ‘rexión ao carón do Dniéstr/Dniéster’, pero o prefixo *pri-/pry-* tamén é antónimo con *za-* que xustamente corresponde ao prefixo latín *trans-*. Por iso, a denominación oficial da república en moldavo/romanés é *Nistreana*, evitando así o punto de vista desde Romanía ou Chisinou.

(7) O acto produciuse durante o chamado “desfile de soberanías” a raíz do fracasado golpe de estado en Moscova que deixou en evidencia a pouca forza real da que dispoñía Gorbachov. Entón, as cúpulas das repúblicas da Unión atrevéronse a acercarse ás forzas nacionalistas e proclamar a independencia das súas respectivas repúblicas (por certo, Transnistria chegou a facelo dous días antes que Chisinou).

Entre marzo e agosto de 1992, as hostilidades alcanzaron unha maior envergadura (participaron artillería, tanques, helicópteros) e foron cualificadas por Tiraspol como agresión. Tiraspol contou co apoio de voluntarios rusos, ucrainos e cosacos. As baixas dos dous bandos alcanzaron uns 800 mortos e 5.000 feridos.

Soamente o apoio aos separatistas da agrupación 14 do exército vermello, actualmente da Federación Rusa, estacionado nesta zona desde 1956, impediu a escalada do conflito. Os rusos quedaron como forza pacificadora, pero tamén axudaron a consolidar as autoridades separatistas de Transnistria. O grupo operativo das tropas rusas conta cunhas 2.000 persoas e ten oficialmente a misión de protexer os arsenais militares do Exército Soviético que quedaron na aldea de Kolbasna. Ademais, hai estacionados uns 300 efectivos militares que exercen o control do proceso e garanten a paz na área do conflito moldavo-transnistriano. En 1994, asinouse un acordo con Moldova sobre a retirada de tropas rusas que, non obstante, non foi ratificado polo parlamento ruso. En 2000, no cumio internacional celebrado en Istambul, Rusia comprometeuse a evacuar as súas tropas antes de finais do 2004. Pero as tropas seguen onde estaban.

Deste modo, seguiu existindo unha república non recoñecida, encravada entre Ucraína e Moldova, nun territorio cunha extensión de 3.567 km<sup>2</sup> e con 550.000 habitantes, con militares rusos como garantes da súa existencia. Á parte da presenza militar rusa, ¿existen *raisons d'être* para esta peculiar entidade paraestatal?

## Os antecedentes históricos

A pesar das declaracións dos iniciadores da república separatista en canto á súa intención de “defender e preservar a etnia moldava, a súa cultura e identidade”, o seu ideario antimoldavo/antirromanés é evidente (a taxa dos moldavos reduciuse entre 1989 e 2004 dun 40 a un 34%). A clara actitude secesionista, avalada obviamente por gran parte da poboación da rexión, suscita a cuestión acerca da solidez que hai nos lazos históricos e étnicos da rexión co resto de Moldova.

É difícil seguir e avaliar a repercusión dos tempos antigos nas relacións de hoxe en día, pero desde a época de Dacia, estes territorios aparecen unidos ao que son hoxe Moldova e Romanía. Na Idade Media, foi parte do Principado de Moldova, un dos tres constituíntes da Romanía actual (os outros dous eran Valaquia e Transilvania). Xunto con Moldova, sufriu o yugo turco de 1512 ata 1792, cando polo tratado de Iasi foi cedida ao Imperio Ruso. Vinte anos máis tarde, o tratado de Bucarest adxudicou a Rusia, Besarabia e toda a parte de Moldova comprendida entre os ríos Prut e Nistru. É dicir, todo o que fora moldavo na beira oriental de Nistru nunca estivo separado por moito tempo do que agora é Moldova. Non obstante, as terras moldavas ao este do río Prut non participaron na unión de Moldova con Valaquia e na creación do estado nacional de Romanía. Por outra parte, estaban expostas á política tsarista de rusificación, que en Transnistria, entre outras cousas, prevía a

atracción de inmigrantes doutras nacionalidades, incluíndo estranxeiros, como os alemás, por exemplo. A taxa de moldavos no goberno (provincia) de Ochákov (á que foi incorporada inicialmente Transnistria) nos primeiros 7 anos do dominio ruso, caeu do 50% ao 39,1%, aínda que numericamente creceron do 11,6 mil ao 18,3 mil. A pesar do crecemento numérico a 9,5 no primeiro terzo do século XIX, a súa presenza na poboación do goberno reduciuse a un 17%<sup>(8)</sup>. O nivel de alfabetización, segundo o censo de 1897, entre os moldavos de Transnistria oscilaba entre o 5 e o 8%, mentres que os rusos mostraban cifras máis elevadas, entre o 26 e o 40%. O uso de linguas vernáculos permitíase só durante as clases iniciais para asegurar que a lingua de ensino de todas as materias fora a “rusa universal”, segundo establecía a autoridade supervisora<sup>(9)</sup>.

Despois da Revolución bolxevique de 1917, alentados como moitas nacionalidades oprimidas pola Declaración de Dereitos dos Pobos de Rusia, o congreso rexional (*sfatul crii*) dos moldavos de Besarabia proclamou, o 6 de xaneiro de 1918, a República Democrática Moldava de Besarabia e en marzo decidiu reunificar a rexión con Romanía “para sempre”. O 13 de decembro, a petición do congreso, as tropas romanesas entraron en Besarabia para poñer fin ás desordes que perpetraban os desmoralizados soldados do antigo exército ruso<sup>(10)</sup>.

Transnistria quedou á marxe da “reunificación”, xa que a República Popular de Ucraína proclamara a súa soberanía sobre esta rexión, e máis tarde volveu a estar baixo a autoridade de Moscova, sendo parte da Ucraína soviética.

O 12 de outubro de 1924, por decisión de Moscova, no marco da Ucraína soviética foi creada a República Moldava Soviética Socialista Autónoma, con capital en Tiraspol (desde 1928). Ocupaba 8.434 km<sup>2</sup> e tiña 615.500 habitantes, dos cales un 30% eran romaneses (cabe sinalar que nesa república recoñecía-se que a lingua era *romanesa*). “Na beira esquerda do Nistru... de forma compacta, viven non menos de 500 a 800 mil moldavos (e segundo afirman os romaneses, ata 2 millóns) que teñen os seus propios costumes nacionais e falan un dialecto romanés, a lingua moldava”, escribían os autores da nota explicativa ao Comité Central do Partido Comunista de Rusia sobre a necesidade de crear unha república moldava<sup>(11)</sup>. “Máis que nada, este feito [a creación da autonomía] estremecerá a unidade da ‘Gran Romanía’, consolidada no aspecto nacional, e asestará un golpe ao prestixio moral da burguesía, que ata daquela se congratulaba coa realización do ideal romanés nacional”<sup>(12)</sup>. Durante os primeiros anos, o ideario moldavo nacional marcou a existencia da República, que debía crear para os traballadores romaneses a imaxe modelo de como se solucionaban cuestións nacionais e sociais. Coa colectivización de comezos

(8) ЖАРКУЦКИЙ И.И. *Из истории левобережья Днестра (XIX - начало XX века)*, <http://dacoromania.spb.ru/>.

(9) *Ibidem*.

(10) Besarabia foi o único territorio do antigo Imperio Ruso cuxa perda nunca foi recoñecida polo goberno soviético. Nos mapas sempre se sinalaba como territorio soviético ocupado por Romanía.

(11) КОТОВСКИЙ Г.И. и др. *Докладная записка о необходимости создания Молдавской Советской Социалистической Республики*, Cugetul, 1992, nº5-6, <http://dacoromania.spb.ru/>.

(12) *Ibidem*.

dos anos 30 (que afectou moito aos moldavos soviéticos, xa que, ao igual que en Besarabia, na súa maioría poboaban áreas rurais) e a intensificación das represalias na segunda metade da década de 1930, a situación mudou drasticamente: de vangarda socialista para etnia romanese, os moldavos soviéticos pasaron a ser potenciais espías do réxime de boiars de Romanía.

O pacto Ribbentropp-Mólotov permitiu que a Unión Soviética “recuperase” Besarabia en 1940, onde foi organizada a República Soviética Socialista de Moldova, que incorporou a parte adxacente da antiga autonomía moldava. O resto do territorio, xunto cos distritos do sur de Besarabia, foron incorporados á RSS de Ucraína. A república apenas durou un ano, porque no verán de 1941 foi invadida por tropas romanesas, aliadas da Alemaña nazi, e reincorporada ao estado romanés. Transnistria, que agora abrangía todo o territorio entre os ríos Nistru e Bug, tamén tiña administración romanese, malia que en distinto réxime, posto que aquí había que aplicar unha política de *romanización* de representantes doutras etnias. Polo visto, a poboación deste territorio nunca protestou contra os cambios de potencias dominantes, salvo durante o período de ocupación romanese na II Guerra Mundial<sup>(13)</sup>.

En 1944, despois da expulsión dos invasores romaneses e alemás, a RSS de Moldova foi restablecida nos seus límites do ano 1940 e existiu ata 1991. Sendo parte de Moldova, Transnistria diferenciábase do resto, o cal reflectíase na conciencia da poboación. Besarabia contemplábase como unha rexión extremadamente atrasada, identificando aos moldavos de Besarabia, xeralmente, como campesiños pouco intelixentes; igualmente, a linguaxe dos moldavos de Transnistria, se non estaban rusificados, era moi distante do romanés estándar coñecido polos besarabios desde a época de entreguerras<sup>(14)</sup>. Considerábanse máis leais ao réxime soviético e máis confiados politicamente cós moldavos da antigamente “burguesa” Besarabia (que ademais foi parte dun estado agresor e aliado nazi na II Guerra Mundial). Os transnistrianos eran preferidos pola nomenclatura centralista cando se trataba de ocupar postos dirixentes reservados a cadros “nacionais”. Por outra banda, os intelectuais moldavos tendían a emigrar a Besarabia, especialmente á capital, onde tiñan un ambiente máis coherente no sentido cultural, o cal facía que a etnia moldava de Transnistria estivera máis exposta á asimilación –polos rusos–<sup>(15)</sup>.

Tendo en conta que o PCUS pretendía crear unha “nova comunidade histórica supranacional, o pobo soviético”, promovendo o uso do ruso como vehículo de comunicación interétnica, substituíndo as tradicións nacionais polas soviéticas, o cal tiña mellor aceptación nun ambiente tan pluriétnico coma o de Transnistria, pódese entender por qué a idea de autonomía non foi rexeitada en masa nin sequera polos moldavos da rexión.

(13) Скворцова А. Ю.Ю. (2003). *Народ Приднестровья - собственная идентичность?*, en *Moldova Academic Review* nº1.

(14) *Ibidem*.

(15) LEWIS Robert A., ROWLAND Richard H. and CLEM Ralph S.: *Nationality and Population Change in Russia and in the USSR*, New York, 1976, 7N 141.

A rusificación na época soviética, a diferenza da tsarista, aparte de ser máis intensa, significaba a adopción da lingua rusa, o abandono xeneralizado da propia cultura nacional e a asimilación “progresiva do ideario ruso” (polo tanto, a cultura rusa soviética que se asimilaba tampouco era auténtica, senón filtrada polos ideólogos do PCUS) porque a partir da Segunda Guerra Mundial, a Unión Soviética, no ideolóxico, presentábase como continuadora de Rusia que, supostamente, sempre fora patria de moitos pobos, que se non foron liberados directamente polos rusos, solicitaran voluntariamente a protección do Estado ruso. Por iso, a poboación de Transnistria, como a de moitas rexións industrializadas en repúblicas nacionais durante a época soviética, sentíase máis parte do estado centralista que da súa propia república. “As carreiras profesionais, a vida diaria e ata a identidade dos seus habitantes dependían dos seus lazos co centro soviético –o Partido Comunista, as empresas estratéxicas e o exército–, e non cos campesiños e as empresas agrícolas, que se atopaban na beira dereita do Nistru”<sup>(16)</sup>.

Cando no curso da *perestroika*, o centro viu perigar os seus intereses pola crecente concienciación nacional das repúblicas da Unión, “fixo todo o posible para presentar o conflito transnistriano [...] como unha confrontación entre moldavos nacionalistas, que querían establecer unha discriminación etnocrática [...] e reunificarse con Romanía, por unha parte, e as etnias rusofalantes, que se vían obrigadas a defender os seus intereses, por outra”<sup>(17)</sup>. Convertida toda a Unión Soviética nun enorme complexo da industria militar (ao que correspondía o 80% do PIB), os que máis se opoñían ás tendencias centrífugas das repúblicas nacionais eran os militares, xunto cos dirixentes da industria militar e, lamentablemente, os numerosos empregados do sector que, beneficiados polas condicións privilexiadas desta póla de vital importancia para o país, esquecéranse das súas raíces identitarias. “Ao igual que Belarús, cunha gran concentración de persoal militar, Transnistria chegou a ser un dos territorios máis soviéticos da URSS, tendo ademais un *status* privilexiado por mor das súas relacións económicas directas con Moscova, a diferenza das autoridades de Chisinau. Os todopoderosos *directores vermellos*<sup>(18)</sup> de Tiraspol, con contactos importantes no centro do imperio soviético, puxéronse desde o inicio mesmo á cabeza do movemento de resistencia ás primeiras reformas iniciadas polo goberno de Chisinau, que tiña o obxectivo de saír do control das autoridades do Kremlin”<sup>(19)</sup>.

(16) KING, Charles: *The Moldovans: Romania, Russia and the Politics of Culture*, Hoover Institution Press, Stanford University, Stanford, California 2000, p184.

(17) КОЖОКАРУ Г.Е. (2003). *Несколько размышлений о политическом и территориальном сепаратизме в Республике Молдова*, en *Moldova Academic Review* nº1.

(18) Unha denominación, na nosa opinión, pouco adecuada, para administradores de grandes empresas, na súa maioría do complexo da industria militar, que emerxeron durante a *perestroika* como unha importante forza política. Orixinariamente, así se denominaban os administradores designados nos primeiros anos do poder soviético. Por regra xeral, eran antigos obreiros e diferenciábanse radicalmente dos directores burgueses. En cambio, os directores de grandes empresas do último período da Unión Soviética sentíanse amos das empresas e patróns dos empregados, e posteriormente moitos deles convertéronse en verdadeiros oligarcas.

(19) КОЖОКАРУ Г.Е. (2003). *Несколько размышлений о политическом и территориальном сепаратизме в Республике Молдова*, en *Moldova Academic Review* nº1.

Tendo en conta todos estes factores, pódese explicar como era posible que a poboación da rexión aceptase maioritariamente como líder do movemento pola súa autodeterminación a I. Smirnov, unha persoa inmigrada hai tres anos. Compartían o concepto dunha patria soviética abstracta e quedaron nesta “illa”, abandonados polos “pais da patria”. Crearon a súa república adoptando os símbolos da rexeitada RSS de Moldova, co martelo e a fouce, pero sen o partido comunista. Unha confusión comprensible se se ten en conta que, cando se formaba a comunidade supranacional soviética, a ideoloxía oficial soviética xa se atopaba moi afastada dos principios comunistas orixinais.

### A evolución do Estado secesionista

Cómpre recoñecer que os separatistas lograron crear unha estrutura estatal viable que comprende todos os compoñentes habituais da escenificación do poder: legislativo, executivo e xudicial. Non falta a propia moeda e forzas armadas, con servizo obrigatorio (5.000 efectivos entre os exércitos de terra, aire, as tropas de interior, garda fronteiras e os cosacos).

A base de subsistencia desta república non recoñecida é a súa desenvolvida economía. As principais pólas da industria son a lixeira (40,8%), a alimenticia (31,1%) e a pesada (28,1%). Na capital está situada a maior parte do complexo de industria militar da antiga Moldova soviética (fábricas disimuladas como de maquinaria eléctrica, de aparatos eléctricos, etc). Na veciña Tighina hai unha fábrica de municións; outra empresa importante é a fábrica de aceiro de Rîbnica que rende preto da metade dos ingresos da república. Funcionan dúas centrais eléctricas importantes. No sector agrícola, sobre a base da propiedade colectiva cultívanse cereais, froitas, hortalizas, viñas; críase tamén gando e producen carne e leite; tamén aves. O transporte principal é a estrada, pero tamén hai un aeroporto e dous tramos de ferrocarril que unen Ucraína con Moldova.

A industria transnistriana, tradicionalmente, estaba representada no mercado exterior pola enerxía eléctrica; a maquinaria moderna; ferramenta mecánica, de fundición, de enerxía, aparatos e produtos de electrónica e bens de amplo consumo, en xeral<sup>(20)</sup>. Dado que a república non está recoñecida diplomáticamente, as empresas fan acordos directamente cos seus interlocutores estranxeiros e seguen exportando produtos electrotécnicos, agrícolas, enerxía eléctrica, etc. A importación comprende a enerxía (polo xeral, gas natural), estercois mineirais, medios de transporte e utensilios domésticos de amplo consumo. O socio principal é Rusia (75%), e séguenlle Moldova e Ucraína. Tamén figuran como socios algúns países da Unión Europea (UE).

(20) БОМЕШКО Б. Г. (2003). *Экономика Приднестровья 40-80-е годы XX века*, en *Moldova Academic Review* nº1.

No ámbito cultural, funcionan unha universidade, escolas técnicas de industria alimenticia, de horticultura e de medicina. Hai tamén un teatro dramático. O Estado dispón da súa axencia de prensa, canle de televisión e radio e prensa periódica.

Pola súa presentación, a información que divulgan os medios de comunicación seméllase moito á propaganda soviética. Aparentemente, a propaganda oficial de Transnistria funciona segundo os mesmos patróns ideolóxicos da propaganda soviética, pero sen mencionar o ideario comunista. Ademais, as autoridades exercen un control ríxido sobre todos os medios.

Por iso, pouca información fidedigna sae de Transnistria. Non obstante, hai bastantes evidencias de irregularidades no ámbito dos dereitos humanos e outros. Por exemplo, a represión oficial contra o ensino do romanés causou unha crise de repercusión internacional. As autoridades insisten para que no moldavo se use a letra cirílica, como na época soviética despois de 1940. No verán de 2004 pecháronse, pola forza, seis escolas que utilizaban letra latina. A medida afectou a 3.400 escolares. Os pais e mestres que se opuxeron foron arrestados. O goberno de Chisinau reaccionou cun bloqueo da rexión secesionista, que fracasou por falta de colaboración por parte de Ucraína. En cambio, a resposta de Tiraspol foi máis eficaz, desestabilizando o subministro de enerxía a Moldova. Finalmente, as escolas foron abertas de novo, pero como entidades privadas sen subvencións estatais. No sistema público, actualmente funcionan 33 escolas en moldavo do total de 186 centros<sup>(21)</sup>, é dicir, á etnia que é titular e que supón un terzo da poboación correspóndelle menos dunha sexta parte das escolas.

A liberdade de confesión tamén é restrinxida: as autoridades néganse a inscribir as organizacións relixiosas de baptistas, metodistas e outros cristiáns non ortodoxos.

As organizacións internacionais occidentais, entre elas a Organización de Seguridade e Cooperación en Europa (OSCE), sosteñen que baixo as circunstancias existentes, as eleccións democráticas son imposibles e néganse a facerlles un seguimento. De feito, as porcentaxes de votos favorables ao réxime, segundo informan os medios oficiais, son demasiado elevados para ser cribles: un oitenta ou noventa e tantos por cento; ás veces nalgunhas circunscricións sae máis dun cen por cen.

Existen outros aspectos máis preocupantes: a corrupción e as actividades de carácter criminal. As lingua murmuradoras chaman a Transnistria, a República “Shériff”. É o nome do consorcio controlado por un dos fillos do presidente Smirnov: as súas sucursais dominan toda a comunicación telefónica (fixa e móbil), toda a televisión por cable, a única canle de TV privada, posúe unha estación de radio e é o único provedor de Internet; amais de ser o propietario dunha casa editorial, de varios muíños grandes, de dúcias de empresas menores, de todo o segmento VIP do comercio ao pormenor (incluída a venta de coches *Mercedes* e *Škoda*), do complexo deportivo

---

(21) *Transnistria: alegeri nerecunoscute*, Ziua, 13 de decembro de 2005.

máis grande, dun club de fútbol, do 90% das gasoleneiras, dun 60% do comercio de produtos alimenticios, polo menos dun 30% do comercio de bens manufacturados e non menos da metade do negocio da construción<sup>(22)</sup>...

As posicións do enclave crean condicións ideais para o contrabando a gran escala, que inclúe dende tabaco (Transnistria importa 6.000 veces máis tabaco que o resto de Moldova) ata tráfico ilegal de armas (incluso se sospeita que armas de Transnistria poden chegar a mans de terroristas internacionais<sup>(23)</sup>) e de persoas (tense informado de casos de tráfico de mulleres de Moldova cara outros países).

“Estruturas criminais mafiosas de varios países están gañando centos de millóns de dólares, aproveitando o ‘burato negro’ que se creou en Transnistria. Mediante o seu labor de *lobby* en estruturas estatais doutros países, por todos os medios están obstaculizando a normalización transnistriana”<sup>(24)</sup>.

### Á procura dunha solución

Despois da conxelación do conflito a raíz das hostilidades en 1992, emprenderonse varios intentos para normalizar a situación na rexión, coa participación da OSCE, Rusia e Ucraína, como mediadores.

En 1997, os presidentes de Moldova e Transnistria firmaron en Moscova un memorando sobre os principios de normalización que prevía, baixo a garantía de Rusia e Ucraína, que as relacións entre as dúas partes desenvolveríanse no marco dun estado común, permitindo a participación de Transnistria na realización da política exterior, á vez que se lle concedería á rexión o dereito a establecer contactos en esferas como a economía, a ciencia, a tecnoloxías e a cultura, de forma independente.

En 2002, a OSCE, Rusia e Ucraína firmaron un proxecto para a reunificación de Moldova sobre a base dun sistema federal, pero en 2003, nun memorando, Moscova mudou de actitude, propoñendo unha federación asimétrica, e suxerindo á vez a instalación dunha base militar rusa en chan moldavo por 20 anos (tendo o compromiso previo de retirar as súas tropas antes de finais de 2004). Ademais, prevíase que Transnistria tería no Senado federal máis dun terzo dos votos, podendo así bloquear calquera votación do Parlamento. A publicación do memorando provocou protestas en Chisinau e causou desacordo entre EUA, a Unión Europea (UE), dunha banda, e Rusia, pola outra, no cumio de Maastricht, imposibilitando unha declaración final.

(22) Приднестровье изнутри, (28/02/2006), <http://www.student.md/index.php?action=news&id=381>.

(23) En 2005, un repoteiro de The Sunday Times, pretendendo ser un intermediario para un grupo terrorista islamita, conseguiu un trato sobre un foguete e un cabezal radioactivo por \$200.000. Recentemente, dos antigos almacenes soviéticos desapareceron 70 foguetes terra-aire e os oficiais ao cargo non saben dicir a onde foron a parar.

(24) Cf. ЦЭРАНУ А.М. (2003). *План - концепция поэтапного политического урегулирования приднестровского конфликта*, en *Moldova Academic Review* nº1.

En maio de 2005, Ucraína propuxo un plan de normalización en 7 etapas, que se baseaba en negociacións e eleccións libres. Transnistria tería o *status* dunha autonomía dentro do Estado moldavo. Tanto a UE como Transnistria manifestaron certo grao de aceptación.

En xullo, Ucraína abriu cinco novos postos aduaneiros na fronteira con Transnistria provistos de persoal, tanto ucranío como moldavo, para contrarrestar o contrabando que acostumaba a cruzar, case sen impedimentos, esa fronteira. De acordo co protocolo firmado con Moldova o 30 de decembro, Ucraína, a partir do 3 marzo, deixou de autorizar o paso de mercadorías procedentes de Transnistria se non tiñan documentos da aduana moldava. O presidente transnistriano cualificou a acción de bloqueo, aínda que a aduana moldava dispuxo todas as condicións para tramitar facilmente calquera licenza de exportación e os aduaneiros ucraníais acusaron aos funcionarios transnistrianos de non querer deixar pasar mercadorías destinadas a Transnistria.

As medidas tomadas por Ucraína foron aprobadas por EUA, a UE e a OSCE, mentres que Rusia reclama por considerar directamente afectados os seus intereses.

## Conclusiones

---

O conflito de Transnistria xurdiu no proceso de desintegración da Unión Soviética e, en gran medida, foi instigado por Moscova para lle facer fronte ás tendencias independentistas e preservar o seu dominio nas repúblicas nacionais, aproveitando a presenza de inmigrantes e militares e outra poboación rusoparlante, insensibilizada pola propaganda con respecto a temas de identidade étnica. Procesos case idénticos ocorreron noutras repúblicas, onde igualmente foron creadas comunidades “internacionais” rusoparlantes que se sentían privilexiadas, xa que o PCUS favorecía a “dilución” da uniformidade étnica de repúblicas. Nun momento dado víronse no medio de nacións que ían tomando conciencia da súa identidade soberana e sentíronse ameazados, reclamando contra os dereitos naturais dos “vernáculos” e esperando protección desde o centro do imperio. O imperio deixou de existir e Moscova soamente pode, de vez en cando, xogar a carta dos “rusoparlantes” nos seus equilibrios xeopolíticos, pero é incapaz de ofrecerlles algunha solución de futuro.

O secesionismo transnistriano non ten raíces étnicas ou relixiosas e carece dos seus propios obxectivos construtivos. Tales réximes quedan supeditados a intereses alleos, críminilízanse rapidamente e converten os territorios que controlan en zonas de produción ilícita e comercio de contrabando<sup>(25)</sup>. A rexión non ten outra alternativa que reintegrarse na República de Moldova, recuperando todos os grupos

---

(25) ЦЭРАХУ А.М.: op.cit.

a súa identidade étnica. A eliminación dos grupos criminais e a neutralización dos círculos exteriores que se están aproveitando da falla de control da “illa” transnistriana é fundamental para acadar unha solución xusta do problema. Non será un proceso fácil porque nel están implicadas moitas terceiras forzas influentes que, polo de agora, non están dispostas a amosar boa vontade.

---

*Alexis B. Romanov reside en Chile e é colaborador do Igadi.*